

MESA SECTORIAL DO DÍA 6 DE XUÑO DE 2019

1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTOS DE DECRETOS QUE FORON OBXECTO DE TRATAMENTO NA ANTERIOR SESIÓN DA MESA SECTORIAL DOCENTE NON UNIVERSITARIA:

- Técnico/a superior en Xestión da auga.
- Profesional básico en Acceso e conservación en instalacións deportivas.

Desde ANPE Galicia entendemos que non debemos de entrar en cuestións técnicas xa que consideramos que os currículos son elaborados por especialistas que son os que mellor coñecen a realidade dos ciclos a tratar. Polo tanto ningunha consideración en particular máis aló de incidir como facemos habitualmente na redución das rateos e desdobres en módulos prácticos.

Preocúpanos o feito de que o novo módulo de inglés que se inclúe nos dous currículos poida ser impartido por profesorado con atribucións docentes nos módulos dos ciclos cun nivel acreditado C1. Entendemos que é un módulo lingüístico e que debería ser impartido por profesorado da especialidade do idioma correspondente. Preocúpanos que se inclúa esta novidade por as súas hipotéticas repercusións futuras noutras etapas educativas e problemas de xestión de persoal como xa ocorre coas listas de plurilingüismo. Descoñecemos as implicacións que pode ter na xestión das posibles substitucións deste tipo de profesorado, algo que nos preocupa como organización asinante do Acordo de Interinos. Ademais tememos que se xeren situacións similares ás que están a acontecer por exemplo no CIFP Someso onde o profesorado que queda sen horario por rematar a FCT é obrigado a cubrir substitucións doutro profesorado do centro. Abrir a posibilidade de que profesorado de FP co C1 poida impartir o módulo de inglés pode dar lugar a que un profesor/a dun centro co C1 acreditado e sen horario completo, sexa obrigado a impartir este módulo de inglés.

2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO ORDE CALENDARIO ESCOLAR 2019-2020.

ANPE considera que o borrador presentado excede dos 175 días aínda que non é dos calendarios con máis días lectivos de Europa tampouco é dos de menos (13 días máis que Francia cun nivel educativo semellante), sen embargo, en horas lectivas si superamos amplamente a media da Unión Europea.

Voltamos a insitir, coma todos os anos, no desequilibrio en canto a duración dos trimestres, estamos en desacordo con que a duración destes teña que vir, obrigatoriamente, ligada a determinada festividade. Os trimestres deberían estar equilibrados.

ANPE solicita que o mércores de cinza sexa día non lectivo. **A Administración acepta a proposta de baixar os días lectivos do calendario a 175 establecendo o mércores de cinza como non lectivo (sempre supeditado e condicionado a que non haxa modificacións no calendario laboral 2020).**

No artigo 2, ANPE considera que o calendario escolar debe afectar a todos os centros docentes de Galicia e non soamente aos centros públicos e aos sostidos con fondos públicos.

No artigo 10, ANPE demanda que o transporte escolar non condicione o horario dos centros.

No artigo 10.3 solicitamos o restablecemento da xornada reducida en setembro e xuño tendo en conta que esa redución se viu modificada unilateralmente pola Administración. **A Administración non acepta esta proposta.** Ante esta negativa por parte da Consellería, ANPE demanda que se restitúa o horario lectivo do profesorado anterior a esta modificación unilateral por parte da Consellería e se **estableza un horario lectivo de 18 horas en Secundaria e 21 horas en Primaria.** Outras comunidades autónomas xa o teñen calendarizado ou acordado e consideramos que Galicia non se pode quedar atrás nesta cuestión.

Na disposición adicional primeira ANPE solicita que se elimine o prazo de 15 días hábiles de antelación para solicitar por parte dun centro unha modificación das datas de comezo e remate de actividades lectivas e de funcionamento dos comedores escolares. **A Administración non acepta esta proposta.**

Na disposición adicional segunda, ANPE considera que o período de adaptación debe ser dun mínimo de 10 días lectivos podendo estenderse durante todo o mes se é posible. **A Administración considera que o período de adaptación xa foi debatido en moitas ocasións e que é o acaído.**

ANPE considera que o calendario escolar na Formación Profesional debe establecerse en función do número de horas dos ciclos e non en función de datas concretas.

ANPE mostra o seu desacordo co procedemento de recoller na disposición adicional cuarta a obrigatoriedade de permanecer 2 anos como titor dun grupo cando en Galicia non se mantiveron os ciclos da LOE en primaria e elimináronse as puntuacións e as horas de liberación para o cometido da coordinación de ciclos.

3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO DE ORDE DE CONVOCATORIA INTERCAMBIOS PROVISIONAIS.

ANPE considera que non debería usarse ningún prazo dentro do período vacacional do profesorado. A Administración deberá estudar se hai algún mecanismo para solucionar os problemas coa Seguridade Social. Tamén demandamos que o prazo de solicitude se amplíe, xa que consideramos que 5 días hábiles non é tempo suficiente para buscar alguén con que permutar. **A Administración estudará a posibilidade de ampliar os 5 días.**

ANPE demanda o establecemento dunha aplicación para establecer unha bolsa de permutas que funcione de xeito efectivo e permita o contacto entre profesorado. ANPE considera que se debe manter e mellorar a xestión das permutas en aras de favorecer ao profesorado galego. **A Administración resposta que informáticamente hai cuestións máis prioritarias que resolver.**

4º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO ORDE CONVOCATORIA PRAZAS DE ATENCIÓN PREFERENTE.

Desde ANPE botamos en falta que esta Orde non teña máis publicidade e máis recorrido nos centros xa que hai perfís de alumnado que poderían ter máis solicitudes de centros.

Con carácter xeral demandamos a dotación de persoal de PT e de AL para todos os centros.

No apartado 2 solicitamos que poidan participar os que estean en situación de excedencia.

No apartado 8 desde ANPE consideramos que non debe deixarse tan pechado no texto da Orde o feito de que o período de cobertura non poida superar os 6 anos de duración xa que as necesidades poden seguir persistindo aínda que sabemos que as cuestións problemáticas puntuais que poden xurdir se están a solucionar desde as Xefaturas Territoriais. ANPE Galicia considera importante que este tipo de alumnado manteña o mesmo profesorado xa que é complicado para eles adaptarse a un profesor novo.

En relación ao baremo vemos unha desproporción entre a valoración dunha titulación de 2º grao (0,50 puntos cando se tratan de titulacións de 120-180 créditos) e a dun Máster (1,50 puntos cando se trata de 60 créditos na maioría dos casos). Tamén demandamos unha diferenciación de valoración entre cursos impartidos e cursos recibidos.

En relación ao Anexo das prazas ofertadas desde ANPE entregamos á Administración unha serie de propostas que nos fixeron chegar desde os centros educativos.

Chegados a este punto, sendo as 14:30 horas (hora establecida ao comezo da Mesa como remate da mesma) e ao terse ausentado da Mesa os representantes da Dirección Xeral á que competen as tres ordes restantes da orde do día, as OOSS acordamos amosar a nosa repulsa por esta falta de respecto por parte da Dirección Xeral aos representantes dos traballadores e dar por finalizada esta Mesa Sectorial máis tendo en conta que a intención da Administración era a de negociar igualmente estas tres ordes en 5 minutos e sen ter en conta a ausencia da Dirección Xeral.

Desde ANPE facemos entrega dun escrito solicitando de xeito urxente a convocatoria dunha Mesa Sectorial monográfica para tratar o tema do 0,25% da masa salarial pendente.

Antes de rematar a Administración nos informa de que xa teñen os datos do INSS que trasladarán aos tribunais para que se valoren como servizos prestados as vacacións non gozadas nos procesos selectivos. Para o resto do profesorado interino non nos poden facilitar prazos.

Sendo as 14.50 dase por rematada a primeira parte da Mesa decidindo a súa continuación para as 16 horas.

5º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO ORDE CONVOCATORIA CONCURSO POSTOS DOS CENTROS DE FORMACIÓN E RECURSOS E ASESORÍAS DO SERVIZO DE FORMACIÓN DO PROFESORADO, DO CENTRO AUTONÓMICO DE FORMACIÓN E INNOVACIÓN E DOS CENTROS DE FORMACIÓN E RECURSOS.

7º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO ORDE CONVOCATORIA CONCURSO PARA CUBRIR PRAZAS DE PERSOAL ASESOR.

Decídese como en anos anteriores tratar as dúas ordes de forma conxunta nos criterios mais xerais e entrar despois en detalle en cada unha delas.

En primeiro lugar, desde ANPE Galicia manifestamos que a Administración debe articular a maneira, aínda entendendo que ten que saír despois da resolución dos Concursos Xerais de traslados xa que de non facelo así vaise a imposibilitar que as prazas que se cubran poidan xerar vacantes para a súa provisión no CADP e se teñan que cubrir unha vez comezado o curso por profesorado substituto

ANPE considera que debería haber máis dotación de persoal. xa que o CAFI acabou facendo tarefas de acreditación para empresas privadas (punto co que ANPE xa manifestou o seu total desacordo) polo que, a lo menos deberían ter persoal suficiente. A Administración debe analizar o motivo de que ano tras ano estas prazas saen reiteradamente ao non ser un traballo que permita unha boa conciliación pola súa configuración co engadido da inxente carga de traballo.

Deben revisarse as prazas ofertadas xa que, nalgún caso, os propios directores dos CFR teñen detectados erros.

ANPE denuncia que non se nos convoque para as reunións da comisión de selección e soamente se nos convoca para dar os resultados finais.

Desde ANPE demandamos que se coñeza a situación real de cada un dos servizos con anterioridade ao paso das Ordes pola Mesa Sectorial para poder facer un estudo pormenorizado das mesmas.

ANPE demanda que os perfís e os requisitos das prazas deberían estar claros e a Administración debería velar para que os perfís se adapten ás necesidades das prazas e non a persoas en concreto. Non entendemos porque se exclúen determinados corpos en determinados perfís.

ANPE demanda unha composición máis técnica da comisión de selección.

ANPE demanda a eliminación da entrevista en ambas ordes. De non terse en conta esta petición esiximos que se reduza a súa puntuación no baremo xa que consideramos que ten un peso excesivo dentro do mesmo. En todo caso, non debería ser usado como primeiro criterio de desempate. Neste caso debería valorarse máis a antigüidade e despois a formación.

En relación ao baremo da orde de CFR, CAFI no apartado 1.3 demandamos se valore con 1 punto e no apartado 1.4 demandamos que se pase a 0,5 puntos en lugar dos 0,25 propostos. En canto á formación relacionada coa praza pasar a 0,10 e en relatorios relacionados coas prazas pasar a 0,20 puntos.

En relación ao baremo da Orde de asesorías na Consellería consideramos no apartado 2.3 se suba a puntuación a 0,5 puntos.

Destacamos desde ANPE que en xeral en todos os baremos somos partidarios da desaparición de toda puntuación de méritos burocráticos.

Entendemos tamén que si antes da publicación de esta Orde xurden novas prazas deben ser incorporadas para que o profesorado interesado poida participar na súa cobertura.

Por último, e como petición común as dúas Ordes, Anpe Galicia demanda que se establezan listaxes de substitucións para que estas prazas ante calquera imprevisto non queden desatendidas.

A Admón. contesta que fará chegar a Dirección Xeral correspondente as nosas peticións.

6º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO ORDE CONVOCATORIA CONCURSO PARA CUBRIR POSTOS DE PERSOAL DOCENTE EN PRAZAS SOMETIDAS A CONVENIO OU A PROGRAMAS ESPECÍFICOS DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL.

ANPE Galicia considera que non deben establecerse convenios con entidades privadas.

No caso de dotación de persoal para convenios con outras Administracións Públicas ANPE demanda que o coste de dito persoal sexa asumido pola Administración correspondente e non recaia nos orzamentos da Consellería de Educación.

En relación ao artigo 2, ANPE Galicia non entende por que en determinadas convocatorias se abre a participación ao profesorado interino aducindo á normativa europea e nesta convocatoria en concreto non se lle permita. Neste senso ANPE Galicia demanda que se dea prioridade, en todo caso, ao profesorado funcionario de carreira, na mesma liña que mantemos noutro tipo de convocatorias (como humanitarias e concilias) e deben adjudicarse dentro de colectivo. No caso de darse unha praza a profesorado interino dita praza debe revisarse ano a ano, pero non deben deixarse prazas sen cubrir.

En relación ás prazas da Armada ANPE Galicia considera que a xestión do profesorado debe recaer directamente na Consellería de Educación.

Respecto ao baremo solicitamos que se valore o 2.2 con 1 punto o 2.3 con 0,5 e o 2.4 con un punto.

Aceptaron trasladar a revisión da incongruencia que se da no punto 3.2 do baremo e desglosar o apartado de formación en catro puntos en vez dos tres existentes.

A Admón. coma nos dous puntos anteriores di que non e competencia da súa dirección Xeral e que fará chegar a Dirección Xeral correspondente as nosas peticións.

8º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.

- **ANPE Galicia demanda de maneira URXENTE a apertura de negociacións para recuperar as 18 horas lectivas en Secundaria e as 21 horas lectivas para os de ensino primario.**
- **ANPE Galicia demanda o cobro dos meses de verán para os substitutos con máis de 5,5 meses traballados durante o curso** xa que somos das poucas Comunidades que non o fan ou teñan pensado restituír esta medida. E aínda nos preocupa máis que non se lles teñan en conta como servizos prestados xa que deste xeito os substitutos galegos non compiten nos procesos selectivos en igualdade de condicións cos de outras comunidades.
- **ANPE Galicia demanda novamente o cobro das cantidades detraídas das pagas extraordinarias desde o ano 2013** que ascenden a unhas 6000 euros por docente de media.
- Voltamos a insistir, dado que continúan os problemas para cubrir determinadas prazas por esgotarse os candidatos de algunhas listas, que se revisen e se faga unha previsión con tempo para a súa cobertura.

MESA SECTORIAL



- Solicitamos a reunión da Comisión de Seguimento de Interinos para analizar as distintas casuísticas que se están a dar dentro do colectivo.
- Insistimos a Administración que se debe pedir claridade co tema dos materiais que poden usar os opositores así coma a publicación a maior brevidade posible dos criterios de avaliación a utilizar para o seu mais inmediato coñecemento. Insistimos en que se traslade que é un CONCURSO-OPOSICIÓN.
- **No tema referente a que o persoal laboral debe fichar nos centros pedimos que non se faga diferenciación dos docentes que imparten clases na nosa comunidade, que ningunha Comunidade Autónoma a nivel de todo o Estado está aplicando norma algunha e que a Administración debe velar pola igualdade de trato de todo o profesorado que depende da súa tutela.**
- **Demandamos se publique a maior brevidade posible a Orde que regulará as titulacións para formar parte das listas de substitucións.**
A Admón. contesta que houbo 575 alegacións e que terán que crear algunhas comisións para valorar cales se aceptan e cales non.
- Recordamos desde ANPE a entrega do escrito solicitando de xeito urxente a convocatoria dunha Mesa Sectorial monográfica para tratar o tema do 0,25% da masa salarial.

Sendo as 18.50 horas dase por rematada a Mesa.

ANPE
SINDICATO INDEPENDIENTE
GALICIA